

Padrón. Festas do Santiaguíño do Monte

Iker Cotón

Padrón celebra estes días as súas festas máis agardadas: o Santiaguíño do Monte. Como xa é habitual na vila do Sar, as celebracións gañan días no calendario, estendéndose desde hoxe venres ata o domingo 25 de xullo. Artistas que representan o dinamismo da música galega contemporánea como Mondra, XMaseda e Kid Mount actuarán na vila padronesa, quentando os motores antes da tradicional romaría do Santiaguíño do Monte, que terá lugar o 25 de xullo, Día de Galicia.

A programación estenderase ao longo de oito días con propostas pensadas para públicos de todas as idades. Concertos, espectáculos, actividades infantís e citas gastronómicas conforman un cartel que busca manter vivo o ambiente festivo na vila durante toda a semana, combinando novas iniciativas con actos que xa forman parte da identidade do Santiaguíño.

Chus Campos, concelleira de Festexos de Padrón, recalca a importancia desta mestura entre o tradicional e o contemporáneo: «Queríamos seguir mantendo o punto tradicional da propia festa, pero engadindo algúns matices máis modernos como o festival Ultreia que vai contar con tres xornadas».

Música, festa e tradición: Padrón vive o Santiaguíño

Hai nove xornadas de celebración e actividades para a cativada dende hoxe venres ata o domingo 25, rematando coa tradicional romaría

CONCELLO DE PADRÓN



O alcalde de Padrón, Anxo Arca, xunto á concelleira de Cultura e Festexos, Chus Campos, co cartel das festas deste ano.

A concelleira fai fincapé na aposta de Padrón polos artistas emerxentes que fan música en galego para esta cele-

bración, que coincide co Día de Galicia: «Nas festas do Santiaguíño é o momento no que máis apostamos por

este tipo de artistas. Como cabeza de cartel está Mondra, que xa é, digamos, o artista máis importante ou o máis

chamativo agora mesmo a nivel galego». A presenza de músicos da escena artística galega actual responde á vontade do Concello de dar visibilidade a proxectos que empregan o galego como lingua de creación.

Malia esta aposta do Concello pola música contemporánea, a tradición segue a ser a verdadeira protagonista e o día grande das celebracións será o 25 de xullo. As sardiñas e os bolos preñados non poden faltar: «Como vén sendo habitual, o Concello vai a agasallar a toda xente que que se queira quedar alí cunha gran sardiñada, acompañada de cachelos, pan de millo e bolos preñados. Ademais, os asistentes recibirán un sombreiro de palla moi apropiado para a festa».

A música tradicional será a protagonista da romaría, grazas aos «seis grupos folclóricos tocando polo monte durante toda a tarde». Ademais, celebrarase «unha festa infantil tamén no monte con inchables e cun DJ e con polvos Holi, unha celebración que xa se está instaurando».

Durante máis dunha semana, a música e as actividades para todos os públicos converterán a vila nun punto de encontro para veciños e visitantes, culminando o 25 de xullo cunha romería que, ano tras ano, mantén vivo o espírito do Santiaguíño do Monte. ■



PROGRAMA SANTIAGUÍÑO DO MONTE Do 17 ao 25 Xullo 2026

17
de Xullo
venres

- 21:00 h. Concerto Xacarandaina. Praza de Macías. Programa Danza 3. Foliore na rua.
- III Festival ULTREIA
- 22:30 h. Concerto The MusicBox Band. Pop e rock nacional e internacional. Paseo do Espolón.
- 01:00 h. Actuación DJ Marcos Magán. Paseo do Espolón.
- 03:30 h. Actuación DJ Canhon. Paseo do Espolón.

18
de Xullo
sábado

- III Festival ULTREIA
- 22:00 h. Actuación Xmaseda65. Paseo do Espolón.
- 23:00 h. Actuación Kid Mount. Paseo do Espolón.
- 00:00 h. Actuación DJ Matrek "All night long". Paseo do Espolón.

20
de Xullo
luns

- 11:00 h. Contacontos María da Pontragna "Un saco de contos". Parque xunto xulgado.
- 21:00 h. Actuación Novo Circo "Antuán de la Cream". Praza de Macías.

21
de Xullo
martes

- 21:00 h. Actuación Uxía Lambona e a Banda Molona "EEEEIIIIIII... CARBALLEIRA!!!". Praza de Macías.

22
de Xullo
mércores

- 21:00 h. Actuación Centro Dramático Galego "Niqui Naque". Praza de Macías.

23
de Xullo
xoves

- 11:00 h. Espectáculo de maxia Mago Antón "O romance do Conde de Cagliostro". Campo do Souto. Diante da Praza de Abastos.
- 5 funcións: 11:00, 12:30, 17:00, 18:30 e 20:00.
- 21:00 h. Actuación musical Os Monifates. Praza de Macías.

24
de Xullo
venres

- 17:00 h. Festa infantil. Actividades divertidas para os máis pequenos, animación, inchables e festa da espuma. Campo do Souto. (Ao carón do pabellón).
- 21:00 h.
- 18:30 h. Actuación do grupo folclórico Rosalía de Castro. Convento do Carme.
- 20:00 h. Gran Derbi Asnal. Paseo do Espolón.
- III Festival ULTREIA
- 21:30 h. Espectáculo itinerante Charanga Tamega.
- 23:00 h. Actuación Mondra "A Ronda". Campo do Souto.
- 00:30 h. Love The 90's & 2000's. Movida madrileña, reggaeton antigo, dance, pop e rock español e internacional. Paseo do Espolón.

25
de Xullo
sábado

SANTIAGUÍÑO DO MONTE

- 10:00 h. Misa. Igrexa Parroquial.
- 10:30 h. Saída da tradicional procesión coa imaxe do Santiaguíño Parrandeiro dende a Igrexa Parroquial.
- 11:00 h. Subida da procesión ao Monte Santiaguíño. Servizo de transporte adaptado con parada no Souto para subir á Romaría do Santiaguíño. Saídas O Souto: 11:30, 12:00, 12:30, 13:00, 13:30, 14:00, 14:30, 15:00, 15:30, 16:00, 16:30, 17:00, 17:30, 18:00, 18:30, 19:00 e 19:30.
- 12:00 h. Misa. Servizo de transporte adaptado para baixar da Romaría do Santiaguíño. Saídas O Santiaguíño: 12:00, 12:30, 13:00, 13:30, 14:00, 14:30, 15:00, 15:30, 16:00, 16:30, 17:00, 17:30, 18:00, 18:30, 19:00 e 19:30.
- 13:00 h. Celebración da Misa Grande da Festa do Santiaguíño cantada pola Coral Polifónica Padronesa.
- 13:30 h. Comezo da tradicional Gran Sardiñada, co reparto do pan de millo, cachelos e dos bolos preñados, totalmente gratuíto. Actuación dos grupos folclóricos O Pedrón, Arreixeira, San Pedro de Carcacia, Rosalía de Castro, Xoldra e Banda de gaitas de Gondomar que animarán durante todo o día a romaría.
- 15:30 h. Festa infantil. Inchables de auga e deportivo, 18:30 h. inchables para os máis peques, DJ con animación e festa de polvos Holy.
- 19:00 h. Baixada en procesión co Santiaguíño do Monte á Igrexa Parroquial.
- 20:00 h. Misa. Igrexa Parroquial.

Padrón. Festas do Santiaguiño do Monte

Iker Cotón

«¡Vinde todos á xuntanza da paisaxe e da alegría!». Así lle cantaba Pepe Domingo Castaño, un dos padroneses máis ilustres, ao Santiaguiño do Monte. Esta festa constitúe unha das celebracións con maior arraigamento no calendario festivo padronés, estreitamente ligada á tradición xacobeá. Célebrense no monte que da nome á romaría, no entorno da ermida e das famosas dez pedras sobre as que segundo a lenda predicou o Apóstolo Santiago séculos atrás.

A súa coincidencia co Día de Galicia converte esta xornada nun dos momentos máis agardados do ano pola veciñanza padronesa, reunindo cada ano a centos de persoas no monte arredor dunha tradición transmitida de xeración en xeración.

A romaría por excelencia de Padrón celébrase todos os anos o 25 de xullo e inaugúrase coa tradicional misa solemne na igrexa parroquial as 10.00 da mañá. Media hora despois, os padroneses e padronesas subirán ao monte da man do Santiaguiño Parandero en procesión para asistir á misa na capela do Santiaguiño ás 12.00 horas, tras subir os 132 chanzos que elevan o máxico monte do Santiaguiño sobre a vila.

Máis alá dos actos relixiosos, a romaría convértese cada ano nun punto de encontro para centos de veciños e visitantes que se reúnen no monte para compartir unha xornada de convivencia. Familias e grupos de amigos ocupan as zonas de sombra para xantar ao aire libre se o tempo deixa.

A romaría no monte, unha tradición viva na veciñanza

Música galega, sardiñada e actividades para a cativada concentran unha xornada cun simbolismo forte e especial para a vila de Padrón



Procesións polo Paseo do Espolón antes da subida ao monte.

Á procesión poñeránlle música diferentes agrupacións folclóricas como O'Pedrón, Arreixeira, San Pedro de Carcacia, Rosalía de Castro, Xoldra e Banda de Gaitas de Gondomar, e animarán durante todo o día a romería co son das gaitas, pandeiros e aturuxos, entonando as mellores pezas da música tradicional galega.

A tradicional sardiñada arrincará ás 13.30, ao rematar a misa grande cantada pola Coral Polifónica Padronesa, co reparto de sardiñas, bolos preñados, cachelos e pan de millo. Pola tarde, celebrarase a festa infantil con varias actividades, un DJ e a festa de polvos Holi.

O Concello facilitará un servizo de autobuses dende as 12.00 horas ata as 20.00 para subir e baixar do monte, cun autocar saíndo cada media hora.

O fin desta xornada está programado para as 19.00 horas, coa baixada en procesión ata a igrexa parroquial na que terá lugar unha misa unha hora despois. Malia isto, moitos optan por permanecer no monte ata que a luz solar o permita, baixando despois a continuar a festa nos locais de Padrón.

Esta festa é, sen dúbida, un dos días máis grandes para a capital do Sar, xunto coas Festas da Pascua. Unha tradición popular transmitida de xeración en xeración na que as gaitas, os pandeiros e as sardiñas son os grandes protagonistas. Cada 25 de xullo, milleiros de padroneses e padronesas ascenden ata o Santiaguiño do Monte para compartir unha xornada que, ano tras ano, continúa reunindo a veciñanza e aos visitantes arredor dun sos símbolos máis representativos e identitarios do patrimonio padronés. ■

CEDIDA

Pulpería Rial

Local climatizado

www.pulperiarial.com

Plazuela Traviesas, 13 · T. 981 811 624

PADRÓN (A Coruña)

BOUTIQUE DEL TRAPO

Telas al peso y metro

Mercería

981 810 019

Boutique del Trapo

boutiquedeltrapo@yahoo.es

centro DENTALvalga

Diseñamos tu sonrisa

- Odontología general
- Ortodoncia invisible
- Implantes con cirugía guiada
- Blanqueamiento dental

Especialistas en:

PRÓTESIS DENTAL

PRESUPUESTOS SIN COMPROMISO

Avda. de La Coruña, 64-66 · portal 2 · 1ºE - Valga (Pontevedra) · T. 986 559 181 - 666 532 965

RECAMBIOS CARBAJAL

- Automoción
- Industria
- Agrícola
- Hidráulica
- Maquinaria
- Herramientas

Avda. Compostela, 45 - bajo

PADRÓN (A Coruña)

T. 981 810 306 · M. 616 475 181

recambioscarbajal@hotmail.com

Padrón. Festas do Santiaguíño do Monte

CEDIDA

Música para todos os gustos, artistas top e programación para a cativada en Padrón

A actuación de Mondra o día 24 encabeza un cartel que inclúe charangas, gaitas ou DJs

Pablo Vázquez

As Festas do Santiaguíño do Monte están ligadas en certo modo á ruta Xacobeá e á figura do Apóstolo Santiago, constituíndo unha das principais celebracións da comarca.

As festas abríranse hoxe ás 21:00 cun concerto de folclore galego da man de Xacarandaina na Praza de Macías. A festa seguirá ás 22:30 coa apertura do III Festival Ultreia, que abrirá co concerto de The MusicBox Band (pop e rock internacional e nacional) no Paseo do Espolón. A celebración continuará de madrugada coa presenza dos DJs Marcos Magán e DJ Canhon.

Mañá sábado continuará o III Festival Ultreia con tres actuacións: Xmaseda 65, Kid Mount e DJ Matrek, tamén no Paseo do Espolón. Destaca a presenza de Xmaseda 65 e Kid Mount, dous novos artistas urbanos galegos —de 23 e 21 anos respectivamente— que están gañando presenza coa súa firme aposta pola lingua galega.

O programa continúa o luns 20 de xullo pola mañá, ás 11:00, cun enfoque para os máis pequenos: a contatontos María de Pontragna. Pola noite destaca o espectáculo de novo circo Antuán de la Cream na Praza de Macías. O día 21, ás 21:00 horas, terá lugar o concerto da banda de música infantil *Eeeiii Carballeira*, de Uxía Lambona e a Banda Molona (Praza de Macías).

O mércores día 22 destaca a actuación Niqui Ñaque, un espectáculo de teatro de rúa, coproducido polo

Centro Dramático Galego.

O xoves 23 está planificado o espectáculo de maxia *O romance do Conde de Caligostro*, da man do Mago Antón no Campo do Souto, xusto diante da Praza de Abastos. Este espectáculo contará cun total de cinco funcións (11:00, 12:30, 17:00, 18:30 e 20:00 horas). Pola noite (ás 21:00) actuarán os Monifantes, un espectáculo familiar itinerante que mestura música e baile tradicional con marionetas na Praza de Macías.

Peché do festival Ultreia e o Gran Derbi Asnal

O 24 de xullo, un dos días máis importantes da festa, a programación vén cargada de actuacións e actividades, como unha festa infantil no Campo do Souto, que contará con diversas actividades para os cativos con animación, inchables e festa da espuma. Ás 19:00 terá lugar un concerto de folk do grupo Rosalía de Castro no Convento do Carmen. Ás 20:00 terá lugar o Gran Derbi Asnal, que o ano pasado xa reuniu preto de dúas mil persoas, malia a polémica sobre a súa continuidade ante a consideración por parte de diversos colectivos animalistas e partidos como o BNG ao considerala como unha forma de maltrato animal. Dende o Concello deféndese a súa continuidade baseándose nunha enquisa realizada aos veciños que votaron pola continuidade da celebración. A organización subliña que é unha actividade sen dano para os animais, cuxo obxectivo é reivindicar a figura



Mondra, artista de moda en Galicia, estará no Santiaguíño do Monte de Padrón.

ECC



Derbi asnal en Padrón celebrado durante as festas do pasado ano.

do burro fariñeiro.

O día 24 rematará co peche do festival Ultreia, que comezará co espectáculo itinerante de Charanga Tamaga (21:30). O prato forte virá ás 23:00 coa actuación de Mondra, un dos artistas máis destacados do no-

vo panorama galego, que se perfila dentro do xénero do trad, que parte da música tradicional e folclórica galega, adaptándoa aos novos tempos. O festival pechará con Love The 90's & 2000's, festa musical que combina a movida madrileña,

reggaeton antigo, dance, pop e rock español e internacional.

A celebración non rematará na vila de Padrón ata o Día de Galicia e do Apóstolo, o 25 de xullo, cando está prevista a romaría do Santiaguíño do Monte. ■




**TALLERES Y GRÚAS
ESTACIÓN**



www.gruasestacion.com

OFICINAS:
ESCLAVITUD: Tel. 981 803 560 • Fax 981 803 558
SANTIAGO (Pol. Tambre): Tel. 981 509 806
PONTEVEDRA: Tel. 649 901 400

Padrón. Festas do Santiaguiño do Monte

Iker Cotón

O Santiaguiño do Monte é, sen dúbida, a paraxe máis máxica de Padrón. Situada nun enclave natural privilexiado, representa un dos lugares con maior valor histórico e patrimonial da vila, converténdose nun punto de referencia tanto para a veciñanza da vila como para os visitantes. Ubicado na ladeira oriental do Monte de San Gregorio e conectado á vila mediante unhas escaleiras de 132 chanzos, está estreitamente relacionado coa tradición Xacobeá e co Camiño Portugués.

Segundo a lenda, este foi o lugar no que predicou o Apóstolo Santiago entre os anos 35 e 40 da nosa era, aínda que a historia deste lugar remóntase a varios séculos atrás. No III a.C. comezou a construción da ermida, que conta con unha única nave no seu interior cun pequeno altar presidido por unha figura de pedra do Apóstolo, empregada ao longo dos séculos na realización dos rituais xacobeos.

Xunto á capela érguese a Casa do Ermitán, unha edificación sinxela na que residía o gardián do templo, encargado de limpar o entorno e facer soar a campá. Durante os anos trinta do século pasado, a Casa do Ermitán servía como cociña popular, aínda que máis tarde caeu en desuso. Enfronte da ermida atópase a fonte que, segundo a tradición popular, era o espazo no que se atopaba a gruta que o Apóstolo empregaba para agocharse dos seus perse-

O monte máxico onde predicou o Apóstolo

As dez rochas forman un conxunto coroado pola figura pétrea do Apóstolo Santiago quen, segundo a lenda, predicaba no Santiaguiño



Promontorio do Santiaguiño presidido pola figura pétrea do Apóstolo.

guidores. Segundo a lenda, o Apóstolo golpeou o seu báculo sobre a pedra para que brotase a auga, co fin de calmar a sede dunha muller.

O elemento máis destacado do Santiaguiño é o promontorio do Apóstolo, dez rochas de granito coroadas coa figura pétrea do Apóstolo e, tras el, unha cruceiro de pedra. En tempos antigos, os peregrinos subían os chanzos do promontorio

de xeonllos, antes de pasar polos tres pequenos pasadizos desta formación rochosa, identificados co Ceo, o Inferno e o Purgatorio. A tradición conta que o que non logre pasar por estes tres pasadizos de vivo, terá que facelo de morto.

Ao longo dos séculos, o Santiaguiño do Monte consolidouse como un dos espazos de maior simbolismo para a veciñanza de Pa-

drón e para os peregrinos que percorren o Camiño Portugués cara a Santiago de Compostela. A súa localización privilexiada convérteo tamén nun excepcional miradoiro sobre a vila e o val do Sar, un atractivo que se suma ao seu valor histórico, relixioso e patrimonial.

Na actualidade, o conxunto continúa a ser un dos principais reclamos turísticos do municipio e unha

parada habitual para quen desexa coñecer a pegada da tradición xacobeá en Padrón. Conta cunha área recreativa con mesas, bancos e varias parrillas para gozar dunha comida nunha contorna natural. Na parte máis alta desta área recreativa atópase o cemiterio e, no seu interior, unha antiga capela.

A tradición conta que sobre este promontorio o Apóstolo predicou o seu derradeiro sermón antes de voltar a Xerusalén. Segundo o Libro III do Códice Calixtino, tras a súa morte, a vila padronesa foi testemuña da *Traslato*, cando os restos mortais do Apóstolo chegaron en barca dende Palestina. A barca amarrouse ao Pedrón, unha ara romana de pedra custodiada no presbiterio da Igrexa de Santiago, na beira do río Sar. Na actualidade, a variante espiritual do Camiño de Santiago percorre a ruta do *Traslato* pola comarca do Salnés, chegando a Padrón en barco dende a ría de Arousa.

O cardeal Marín de Herrera foi o encargado de fomentar a tradición xacobeá durante o século XIX. É considerado o principal impulsor do Pedrón como elemento central da cultura xacobeá, impulsor das peregrinacións ao Santiaguiño do Monte e encargado do coidado deste espazo natural. Outra figura moi importante para a historia deste lugar foi José María Vidal Cepeda, filántropo padronés do século XIX e financiador das escaleiras que suben ao monte e ao Convento do Carme, ademais do muro de pedra entre a ermida e o promontorio. ■

TURISMO DE PADRÓN

castaño bascoy

al servicio de la construcción desde 1995

Esclavitude · Padrón · Tel. 981 509 818 | www.bascoy.com | info@bascoy.com

DE MIL OBRAS NOS AVALIAM DESDE 1995

A+ Apple+ A+ Apple+

www.rioscanteria.es

RÍOS

CANTERÍA y CONSTRUCCIÓN

• Construcciones - reformas

• Especialidad en piedra y restauraciones

Esclavitud - Padrón · info@rioscanteria.es · T. 610 804 522 - 696 820 092 - 687 074 585

LOTERÍAS, PADRÓN, S.L.

Tel. 981 810 561

610 92 23 47

Plaza del Castro, 6

PADRÓN (A Coruña)

Administración de Lotería número 2

patronus ASESORÍA

Alfonso Fernández Pérez

Economista

Rúa Enlace Parque, 2 · Bajo Izq

Padrón (A Coruña) · asesoria@patronus.es

T. 881 957 392 M. 665 807 253

Colegiada nº 05513

Talleres Pardal

MULTIMARCA

TP

EuroTaller

Extramundi - Padrón (A Coruña)

Telf.: 981 810 083 · Móvil: 629 159 292

www.tallerespardal.es

Padrón. Festas do Santiaguiño do Monte

Unha vila chea de patrimonio natural, histórico e cultural á beira do río Sar

O xardín botánico, o Paseo do Espolón e a Igrexa de Santiago, entre os tesouros da vila

Iker Cotón

Existe moito Padrón máis alá do Santiaguiño do Monte. A vila agocha numerosas paraxes naturais, pazos, cruceiros, camiños e museos espallados pola vila e na súa contorna nos que merece a pena pararse en calquera época do ano.


Un dos puntos de referencia da capital do Sar é o Paseo do Espolón. Este conector central une a praza de abastos coa Igrexa de Santiago e está custodiado en ambos os extremos polas dúas figuras literarias máis importantes da vila: Rosalía de Castro e Camilo José Cela. Baixo a sombra dos seus plataneiros, moitos veciños e visitantes gozan de paseos pola beira do río Sar.

Xusto detrás da estatua de Rosalía de Castro atópase a Igrexa de Santiagos. Inaugurada no século XII polo arcebispo Xelmírez, nesta igrexa custódíase o Pedrón, a xoia da coroa da tradición xacobeá. No seu interior atópase *O Parandeiro*, unha talla do século XVII atribuída a José Gambino.

O atractivo cultural e literario de Padrón está repartido en varios puntos da vila. Por unha parte, a Casa

Museo de Rosalía de Castro, na Matanza. Este espazo está adicado á vida da poetisa padronesa e conta cuns fermosos e amplos xardíns que paga a pena visitar. Por outra parte, en Iria Flavia atópase a Casa Museo de Camilo José Cela, que invita ao visitante a descubrir de xeito cronolóxico a vida e obra dun premio Nobel de Literatura, ademais das súas facetas menos coñecidas como a de pintor ou actor.

Moi preto da casa museo do novelista padronés atópase o Cemiterio de Adina de Iria Flavia, un dos máis fermosos de Galicia dende o século VI. Nel atópase a sepultura de Camilo José Cela e, ata o ano 1891, repousaron nel os restos de Rosalía de Castro, antes de seren trasladada ao Panteón de Galegos e Galegas Ilustres. Un dos lugares con maior atractivo natural da vila é, sen dúbida, o Xardín Botánico-Artístico de Padrón declarado Ben de Interese Cultural, datado do ano 1869. Cunha extensión aproximada dunha hectárea, no xardín presérvanse arredor de 300 especies. Entre as máis destacadas atópanse a palmeira do Senegal, as secuioas vermellas, a coroa de Cristo e o castiñeiro das Indias. ■



Escultura pétrea de Macías O Namorado, trovador padronés, no Xardín Botánico-Artístico.



A Casa Museo Rosalía de Castro, na Matanza.

CEDIDA

CEDIDA

C36-001615

CLÍNICA
Dr. Jorge
Ortega

Avda. de Vigo, nº 12, 1º E
36640 PONTECESURES
(Pontevedra)
T. 986 556 162 • F. 986 564 435
orcastsl@yahoo.es

almacenes eladio

Deséxanlles
boas festas

DROGARIA • BRICOLAXE • LIMPEZA
PERFUMARIA • SEMENTES • DECORACION
HORTICULTURA • PAPELARIA • MENAXE

PADRÓN.Rúa de Castelao, 25-29 • Tel.: 981 810 959. WhatsApp: 676 436 105
PADRÓN.Comercial agrícola. Rúa de Castelao, 25. Tel.: 981 810 959
CALDAS DE REIS. Rúa Real, 75. Tel. 886 215 398. WhatsApp: 673 537 950
E-mail: info@eladio.gal • Facebook: almacenes eladio **www.eladio.gal**